



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) vén de resolver a **terceira edición da convocatoria** para a posta en marcha e consolidación de Unidades Mixtas de Investigación (UMI) correspondente a 2016. Grazas a esta convocatoria crearanse seis novas unidades e consolidarase unha sétima creada en 2014.

O importe da contribución da Xunta de Galicia ascende a preto de **5 millóns de euros**, aínda que o investimento conxunto público-privado ascende a case **17 millóns de euros** para o periodo 2016-2019 e implica a **125 persoas tanto de organismos de investigación como de empresas** no desenvolvemento das actividades de I+D+i, das que 60 son empregos novos creados.

As unidades, que constitúen **grupos mixtos de traballo entre organismos de investigación e empresas** capaces de desenvolver proxectos de alto impacto intensivos en coñecemento, céntranse en sectores estratéxicos para Galicia, en liña coa **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3-Galicia)**, como:

- **Alimentación (1)**: Future Food Factory 4P na que participan ANFACO-CECOPECA e Emenasa Industria y Automatismo S.A. e Baliño S.A.
- **Automoción (3)**: Highppe, de AIMEN, Centro Tecnológicos del Grupo Copo S.L.U. e Copo Galicia S.L.; a constituída por CTAG e MGI Coutier España S.L., de nova creación, e a consolidación da UMI Borgwarmer Emissions Systems Spain e CTAG.
- **TIC (1)**: Smart Lifelong learning para a industria do futuro e a sociedade do coñecemento de Gradient e a empresa Netex Knowledge Factory S.L.
- **Energía (1)**: Unidade mixta de gas renovable de Energylab e Gas Natural.
- **Aeroespacial (1)**: A fábrica do futuro aplicada ao desenvolvemento dunha constelación de satélites de observación, comunicacións e control de CINA E e Aistech Space S.L.

En total, sumando as sete unidades apoiadas a través desta convocatoria, son **24 as unidades mixtas promovidas dende a administración**

autonómica. A principal novidade desta edición é que se fomenta a colaboración das pemes coas unidades.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.